RECTIFICACIÓN DA ESTIRPE

Fascinio[1], a terceira entrega poética individual de Chus Pato, proponmos participar dunha viaxe interna que o eu poético feminino vai efectuar. Non pisaremos unha ruta definida senón que, dun xeito anárquico e caótico, iremos á busca das súas orixes máis ocultas, de todo o que a conforma como femia e a integra nun colectivo. Terra e muller mesturadas, enleadas nunha mesma procedencia, entendidas como unha única raíz:

esa australia abaneada polo vento que me entolece nas bermas do

[soño

as anoréxicas trinta santas da Idade Media

a cadea de nais muller

o matricidio

setenta postas de sol

cinco mil castros

trescentas mámoas abeizoan o teu corpo

A voz poética identifícase como un ser afastado da terra en tanto que propietaria legal da mesma pero "*forzada*" a descoñecer a vivencia ancestral da agricultura. Perdendo o ámbito nutricio o eu poético é tamén despoxado dos ancestros, da súa intrahistoria orixinaria e condenado a sucumbir no caos do anonimato, "*na desposesión dos nomes / dos eidos/ das linaxes".* O desvalimento acentúase cando o ser chega a decatarse de que a estirpe non é algo que o preexista senón que só nace e se actualiza cando el o furta do seu orixinal estado de latencia.

Lonxe do cosmos primixenio o eu poético séntese estraño a calquera outra realidade e devala desorientado entre a desposesión e a tristeza de transmitir xeneticamente esa perda. A imposibilidade de legar ás fillas -"*somos por tanto sanguineamente xa/ unha familia sen terra*"- o don físico da terra trata de subsanarse coa transmisión oral da estirpe pois só hai unha forma de eludir a perda: a palabra xa que a escrita é "*a totalidade dos feitos*"

-as palabras son dos que elixen o camiño do regreso.

---

1 Toxosoutos, Muros, 1995

Inventario dos ramais

Pornografía do retorno

os mortos son as letras que vertebran a lingua

a man que dirixe a escrita

Antigas como a propia orixe, as palabras confórmanse nun transmisor ideal pois pulsan as teclas adecuadas e reviven o medo, o odio, o amor, a pena. Conmoven e alivian malia, ás veces, tornarse instrumento insuficiente para a expresión do ancestral. O eu poético non pode evitar caer no desalento cando os camiños intrazados se tornan esgrevios e neses momentos afirma sentirse

estranxeira na miña propia historia

na miña propia paisaxe

na miña propia lingua

mentres continúa na búsqueda dese ente que posúe a resposta a todos os enigmas, custodio da memoria colectiva dunha terra esquecida da súa propia historia. Só el pode legarlle o libro das orixes a un ser perdido no caos de liñaxes e no entrecruzamento de antigas desposesións. Unha vez recuperada a xenealoxía a forza telúrica volverá percorrer as nosas veas e a dor de transmitir o poema, levar o facho ancestral, terá dado froito

podente brotou a raíz da viña

a forza nas searas

nívea, a luz nos copelos das habenzas

fuso do alén

roca

Dilles cando pregunten

que contiven o poema

que descalza portei o ramo

que detiven os meus versos na elocuencia dun perfume.

Fortuna: beber a perfeción no teu regazo

O feito de que "*nacer, nácese sempre en terra estrana*" esixe do ser a redefinición do que o rodea e de el mesmo. Só se pode asumir a forza telúrica mergullándose nela, e resulta imposible escribir a propia historia sen antes establecer o papel que, como muller, debe xogar a voz poética na sociedade. Romper vellos estereotipos implica aceptar que, por veces, a propia nai transgrede a súa misión como transmisora da estirpe: "*Nai que oculta a terra/ Nai que vela o idioma/ Nai que transmite o código do invasor/ español soñante/ español pensante*". As fillas teñen, entón, a obriga de partir na búsqueda do oculto desbrozando o seu camiño entre longas filas de xenealoxías, códices, libros que gardan os nomes do pasado. Estes non se poderan constituír en "*columna cervical*" que nos manteña ergueitos sen unha previa aceptación como estirpe propia. Pois, cando todo se desintegra -sedados na ensoñación narcótica do níscalo- só hai unha catarse posible: rectificar o que por alleo empobrece a nosa estirpe e erguer a árbore xenealóxica que nos alimenta e sostén dado que

(...) nós somos a nosa propia estirpe

a nosa propia orfandande

a nosa propia ausencia

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 709, 18-1-1996, p. 26